

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN  
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 22/03/2024**

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Javier Tourís Romero
SUPLENTE	D. Jorge Cubela López
VOGAIS:	D <sup>a</sup> . Luisa María Sánchez Méndez
	D. Rafael Domínguez Artime
	D. José Carlos López Campos
	D. Jesús Vázquez Almuíña
	D <sup>a</sup> . María Pilar Ramallo Vázquez
	D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
	D <sup>a</sup> . María Nava Castro Domínguez
	D <sup>a</sup> . Ana Laura Iglesias González
	D. Carlos Gómez Prado
	D. Juan Francisco Ferreira González
	D. Gregorio Luis Agís Gómez
	D <sup>a</sup> . Nuria Rodríguez Rodríguez
	D. Gorka Gómez Díaz
	D <sup>a</sup> . Beatriz Lomba Rodríguez
	D <sup>a</sup> . María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e dous de marzo do ano dous mil vinte e catro, reúnen-se no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretario o técnico de administración xeral do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



## **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (expte. 2024008991)**

Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á sesión ordinaria celebrada o dezaseis de febreiro do ano dous mil vinte e catro co voto favorable de todos os membros da Comisión.

## **2.- DAR CONTA DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE OFICINAS DE TURISMO INFO RÍAS BAIIXAS CORRESPONDENTES AO ANO 2024 (EXPTE.: 2024002609)**

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente da convocatoria de subvencións co seguinte teor literal:

*“CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE OFICINAS DE TURISMO INFO RÍAS BAIIXAS CORRESPONDENTES AO ANO 2024*

*De conformidade co previsto con previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):*

### *1. Beneficiarios:*

*Poderán solicitar estas subvencións as entidades locais que integran a Administración Local da provincia de Pontevedra e os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes delas que cumpran os seguintes requisitos:*



1. *Dispor dunha oficina de turismo ou punto de información turística adherida á Rede de Oficinas de Turismo Info Rías Baixas á que se adscribirá o persoal cuxo custo de financiación será obxecto de subvención*
2. *Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA).*
3. *Non ter débedas coa Deputación de Pontevedra.*
4. *Estar ao corrente do pagamento da Seguridade Social.*
5. *Non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, de acordo co especificado no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
6. *Non ter pendente de xustificación subvencións anteriores pagadas anticipadamente pola Deputación de Pontevedra.*

## 2. Obxecto:

*Subvencións públicas destinadas a financiar os custos derivados da prestación de servizos de información en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo "INFO RÍASBAIXAS" imputables ao exercicio 2024 coa finalidade de colaborar no fomento do turismo e na profesionalización do sector da provincia de Pontevedra, segundo os principios de concorrencia competitiva, obxectividade e publicidade.*

## 3. Bases reguladoras

*Bases de subvencións aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de 23 de febreiro de 2024 , Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria de 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO nº 249 de 30 de decembro de 2016, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.*

## 4. Contía



280.000,00 €

#### 5. Prazo de presentación

*Un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).*

#### 6. Outros datos de interese

- Solicitudes e documentación: cada entidade poderá presentar unha única solicitude, en modelo normalizado dispoñible na sede electrónica.*
- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva.*
- Criterios de valoración: os establecidos na base décima da convocatoria.*
- Gastos subvencionables: gastos salariais e gastos derivados da contratación da prestación de servizos de atención ao público en oficinas de turismo.*
- Compatibilidade: si*
- Forma de pago: transferencia.*
- Forma de xustificación: mediante a xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención (memoria explicativa, acreditación da difusión da subvención e certificado da persoa titular da Secretaría do Concello sobre o cumprimento dos requisitos previstos na normativa reguladora de aplicación no referente á selección do persoal obxecto da subvención ou á contratación da prestación do servizo; xustificación dos gastos (conta xustificativa dos gastos en modelo normalizado, certificación da persoa titular da Secretaría, Intervención ou funcionario/a competente acreditativa de que os gastos cuxo detalle figura na conta xustificativa son reais, se aplicaron á finalidade subvencionada e foron aprobados polo órgano competente); xustificación dos ingresos (conta xustificativa de ingresos en modelo normalizado).*
- Prazo máximo de xustificación: 31 de marzo de 2025. ”*

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada da convocatoria referida “ut supra”.



### 3.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as dez horas e quince minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica  
O secretario da Comisión,  
(*documento asinado electronicamente*)  
Marcos Areán González

